



ACTA DA CUALIFICACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONFIGURACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DO POSTO DE INTERVENTOR E/OU TESOUREIRO, RESERVADOS A FUNCIONARIOS DA ADMINISTRACIÓN LOCAL CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL, SUBESCALA DE INTERVENCIÓN-TESOURERÍA, DO CONCELLO DE PONTEAREAS

Reunidos na Sala de Xuntas do Concello de Ponteareas, o día 16 de xuño de 2017, ás 12:00 horas, os membros do Tribunal calificador do proceso selectivo para a configuración dunha lista de reserva para a provisión interina do posto de interventor e/ou tesoureiro, reservados a funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional, subescala intervención-tesourería, do Concello de Ponteareas, constituído polos seguintes membros, todos presentes:

- Dona Elisa Marqués Parrilla, Presidenta do Tribunal (titular)
- Don Jacobo Vecino Reimundo, 1º vogal (titular)
- Don Sergio Rodríguez Pérez, 2º vogal (titular)
- Dona Noemi Sirera Diéguez, 3ª vogal (titular)
- Dona Bárbara Veiga Vidal, Secretaria (titular)

De conformidade coas bases reguladoras da convocatoria (BOPPO nº 59, vernes 24 de marzo de 2017), segundo foi convocado e publicado en tempo e forma, sendo as 12:10 h. procédese ao chamamento dos seguintes opositores que entregaran exame escrito, en sobre pechado, o pasado día 9 do corrente:

- María José Comesaña Alfaro (DNI nº 36073824A)- PRESENTE
- Sara Novegil Arosa (DNI nº 77458991M)- AUSENTE

A Secretaria do Tribunal entrega o sobre co seu exame a Dona María José Comesaña Alfaro, quen o identifica e procede a súa apertura. Ante a opositora se fan cinco (5) copias, unha para cada membro do Tribunal, devolvéndose o orixinal á opositora. Sendo as 12:18 h. a Presidenta ordea o comezo da lectura do exercicio.

Trala lectura e posterior deliberación do Tribunal, en aplicación das puntuacións preestablecidas polo mesmo para cada apartado dos dous (2) supostos que configuran este primeiro exercicio, acádase pola aspirante a seguinte puntuación:

Primeiro suposto..... 3,00 puntos
Segundo suposto..... 1, 25 puntos

Avalición total do primeiro exercicio: **4,25 puntos**

De conformidade coas bases reguladoras da convocatoria, o Tribunal calificador acorda:


- Resultando que Doña. Mª José Comesaña Alfaro, con DNI nº 36073824A, non acadou a puntuación mínima de dez (10) puntos necesaria para aprobar o exame, califícase de NON APTA

- Declárase DESERTO o proceso selectivo para a configuración dunha lista de reserva para a provisión interina do posto de interventor e/ou tesoureiro
- A publicación do anuncio co resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Pontearreas, xunto cos dous supostos corrixidos e a puntuación da avaliación preestablecida para cada un deles.

A Presidenta da por terminada a reunión, sendo as 14:00h, do que eu como Secretaria Dou Fe.




FDO. Dona Bárbara Veiga Vidal, Secretaria



FDO. Dona Elisa Marqués Parrilla, Presidenta do Tribunal

FDO. Don Jacobo Vecino Reimundo, 1º vogal



FDO. Dona Noemi Sirera Diéguez, 3ª vogal



FDO. Don Sergio Rodríguez Pérez, 2ª vogal